

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE O BOLO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE O BOLO.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou co Concello de O Bolo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura, 4 de xuño de 2021, ata o día 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de O Bolo para o financiamento das obras de reforma no seu centro de saúde, propiedade do concello.

Das obras detalladas no informe achegado polo Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos do Servizo Galego de Saúde, e de acordo co Alcalde de O Bolo realizaranse as seguintes:

- Limpeza e repaso da cuberta con reposición das pezas de lousa que se atopen en mal estado. Limpeza de canles e baixantes e colocación dun aliviadoiro de saída da autora para o exterior.
- Inclusión de manivelas nas persianas.
- Substitución da caldeira de gasóleo por outra ARGENTA 40 GT, cheminea, rede de tubos, illamento, bomba circulatoria, valvulería, vaso de expansión, conexión eléctrica e termóstato ambiente dixital.
- Aumento de potencia nos radiadores da planta alta instalando un novo panel e reforma dos enganches dos radiadores existentes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar ten o seu fundamento no establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e no artigo 55 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, de xeito que as Administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Ley 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

